


BUEU



OS SEUS CANTEIROS E OS SEUS RELOXOS DE SOL




SUS CANTEROS Y SUS RELOJES DE SOL

LES GRENIERS TYPIQUES SURMONTES D'UN CADRAN SOLAIRE

Jozef Van Linthout

Puerto de Buen y Beluso desde Barraca - Jovial 3/1/1993





Puerto de Bueu y Beluso desde Barraca - Jovial 3/1993

B U E U
OS SEUS CANTEIROS E OS SEUS
RELOXOS DE SOL

SUS CANTEROS Y SUS RELOJES DE SOL

LES GRENIERS TYPIQUES SURMONTES
D'UN CADRAN SOLAIRE

Jozef Van linthoudt

RECOMENDACION PARA O LECTOR

Os textos en "galego" están situados na esquerda

Los textos en "castellano" a la derecha

Les textes en "français" a partir de la page 84

Este libro foi rematado no primer encontro de canteiros na Mangallona, no carballedo de Coiro no Outono do ano "125 Aniversario do Cruceiro do Hío" (1.997)

Fotografía: Alonso Fernández, M^a Teresa Haerlingen, J. Juan García.

Debuxos: Del autor e Camilo Camaño Xestido.

Mapas: Willie.

Diseño y Composición: Carlos Lemos.

Deposito Legal: VG 874 - 1997

Á miña dona moi paciente, a quen deixei moitas veces soa coa fin de buscar reloxos e información sobre os hórreos.

Ós bueuenses pola súa acollida, colaboración e estímulo.

En homenaxe ós canteiros que nos deixaron a súa obra, non suficientemente valorada.

A mi esposa muy paciente, que he dejado muchas veces sola, a fin de buscar relojes e informarme.

A los bueuenses por su acogida, colaboración y estímulo.

En homenaje a los canteros que nos dejaron su obra, no suficientemente valorada.

· INDICE ·

	GAL·ESP·FRA
• INTRODUCCION / INTRODUCCION / Introduction.....	9 9 84
• BUEU	
• SITUACIÓN / SITUACIÓN / Situation.....	10 11 84
• LINDES / LÍMITES / Limites.....	10 11 84
• COMUNICACIÓN / COMUNICACIÓN / Communication.....	12 13 84
• PARROQUIAS / PARROQUIAS / Paroisses.....	12 13 85
• RELEVO / RELIEVE / Relief.....	12 13 85
• OS RÍOS / OS RÍOS / Cours d'eau.....	14 15 85
• OS PAZOS / OS PAZOS / Les manoirs ou pazos.....	14 15 86
• O MUSEO / EL MUSEO / Le Musée.....	14 15 86
• O Millo / EL MAIZ / LE MAIS.....	16 17 86
• HORREOS	
• HISTORIA DOS HÓRREOS / Histoire des "horreos".....	20 21 86
• TIPOS DE HÓRREOS / Types de greniers.....	22 23 87
• XERALIDADES / GENERALIDADES / ... par hameau.....	24 25 87
• ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS / Les différents éléments.....	26 29 88
• OS PÉS / LOS PIES / Les pieds.....	26 29 88
• LOS TORNARRATOS / = / Les tornarratos.....	30 29 89
• AS VIGAS / LAS VIGAS / Les poutres.....	30 31 89
• AS CARAS / LAS CARAS / Les parois latérales.....	30 31 89
• OS FRONTÓNS / LOS FRONTONES / Les frontons.....	32 35 90
• AS PORTAS / LAS PUERTAS / Les portes.....	32 35 90
• OS TELLADOS / LOS TEJADOS / La toiture.....	36 39 90
• OS RELOXOS DE SOL / LOS R. DE SOL / Les cadrans solaires.....	36 39 90
• O GRANITO / EL GRANITO / Le granit.....	42 43 92
• A COR / EL COLOR / La couleur.....	42 43 92
• OS LIQUES / LOS LÍQUENES / Les lichens.....	44 45 92
• LOS CANTEROS / LOS CANTEROS / Les tailleurs de pierre.....	44 45 93
• OS CANTEIROS POR PARROQUIAS / ... par hameau.....	48 49 94
• OS HÓRREOS POR PARROQUIAS / Les greniers par quartiers... • PARROQUIA DE	58 59 94
CELA	
60 61	94
• PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE	
BUEU	66 67 96
• PARROQUIA DE	
BELUSO	
72 73	98
• DISTRIBUCIÓN NUMÉRICA DE HÓRREOS CON RELOJ SOLAR...	74
• AS MEDIDAS / LAS MEDIDAS / Les mesures.....	76 77 98

Un breve Boceto de miuda Pincelada

Jozef Van Linthoudt

Un belga namorado de Galicia

Que faría que este belga, deixase unha boa parte do seu corazón, do seu tempo de lecer, ou en definitiva, da súa vida, na nosa eterna Galicia?

Dende o poñente de Bruxelas (Lennik), terra que o viu nacer fai perto de sesenta anos, ou mesmo dende Kampenhout – a trinta quilómetros ó nordeste da devandita capital– onde ten a súa residencia habitual, Jozef chega a Galicia fai uns vinte anos, onde decide pasarse algunha tempada, primeiro en Meira-Mloaña na época de estío, e, dende fai cinco en Bueu onde conta cun apartamento da súa propiedade.

Van Linthoudt, de miudo aspecto, de lixeiros movementos, e perenne sorriso, dende os primeiros albores en Galicia, interesouse pola súa cultura, as tradicións, o folclore, pero o que mais lle impresionou a Jozef foi, sobor de todo, a pedra granítica que cumia os seus montes, ou tan presente en monumentos e arquitectura, e máis puntualmente na arquitectura popular:

A súa chegada vese sorprendido pola relixiosidade e espiritualidade do galego, dada a grande presenza do que el coidaba tratarse de capelas ou templetes ou mesmo lugar para gardar os cadaleitos ate o seu soterramento (seguramente pola diferenza climática), existentes en cada casa e eido do rural. Coidaba que esa singular mostra arquitectónica cumiada por unha cruz– o canastro ou horreo–fose, un lugar de culto.



Logo de aclarar tal fin, interésase pola devandita edificación ate o ponto de facelo con verdadeira paixón.


Perante a súa vida, Jozef soubo, compatibilizar o seu labor como mestre con diversos traballos de investigación que vai publicando, destacando entre eles: Traducción da obra de A. Vazquez "Las guerras civiles de Francia y Flandes—en tiempos de Alejandro Farnese" publicación efectuada sobor da vida ou obra de Brueghel el Viejo, así como un cuarto traballo de investigación proximo a saír a luz "Brueghel un hombre de su tiempo", descripción completa sobor das pinturas e debuxos do xenial pintor e gran representante da pintura flamenca do século XVII, así como as maneiras de vivir das xentes unha época que estaban a ser resididas polos mesmos monarcas que España (Carlos I de España e Felipe II). Jozef, dando renda solta a súa creatividade, e facendo patente ese incansable afán de investigación, amósanos nesta publicación, un canto a xeito de homenaxe ou recoñecemento a ese colectivo, que como ben di —non suficientemente valorado— Os Canteiros, rudos e o mesmo tempo cunha grande dose de espiritualidade, así como o Canastro ou Horreo e Cadrante ou Reloxo de Sol.

O tesón de Van Linthoudt, amosanos por medio desta publicación, o achegamento a oitenta familias de canteiros no decorrer do século así como a setenta e nove cadrantes ou reloxo de sol sobre canastros catalogados somentes no municipio de Bueu (Pontevedra—Galicia).

Se singular pode ser a publicación "Bueu, os seus canteiros" polo que atinde o trabalo de campo e investigación, non menos importante é facela de xeito trilingüe, sendo de agradecer o lugar de prioridade que outorga a lingua de Alfonso X o Sabio, ó galego.

Vaia o recoñecemento a un persoa miúdo, de reducidas dimensións pero de gran corazón e caletre, que sabe amar como ninguén, e, que coa súa constancia e amor por Galicia, sulca camiños e corredoiras de xeito incansable na compañía de Tereixa, na procura de novos horizontes e vestixios, constancia patente nas veces que a percorreu a pé os nosos vieiros para recalar en Compostela tanto dende a nosa e súa bisbarra, como mesmamente dende o sea Bruxelas natal.

Camilo Camaño Xestido



La Graña, Bueu - Jovial 1/1993

- INTRODUCCIÓN -

A miña colaboración coa intención de valorar o traballo de interese cultural dos canteiros galegos é contribuír á protección destes monumentos que son parte do patrimonio histórico e artístico da comunidade Galega.

O meu agradecemento, pola súa acollida e colaboración, a tódolos donos dos hórreos descritos, ó persoal do Concello de Bueu, ó Sr. José Ramón Núñez Iraola, ó xuíz de paz D. Luís Souto González e colaboradores, ós canteiros Modesto Dios (Beluso), Cesáreo e Agustín Sanmartín e familia (Bueu); a Alberto Neves Domínguez (Vigo), Manuel Vilas García, Arturo Sanchez Cidras (Bueu), Camilo Camaño Xestido (Coiro) e Eugenio Eiroa Hermo (Cangas), xa que sen a súa colaboración o libro non podería ser escrito.



Mi colaboración a fin de valorar el trabajo de interés cultural de los canteros gallegos y contribuir a la protección de estos monumentos que son parte del patrimonio histórico y artístico de la comunidad Gallega.

Mi agradecimiento, por su acogida y colaboración, a todos los propietarios de los hórreos descritos, al personal del Ayuntamiento de Bueu, al Sr. José Ramón Núñez Iraola, al juez depaz D. Luís Souto González y colaboradores, a los canteros Modesto Dios (Beluso), Cesáreo y Agustín Sanmartín y familia (Bueu); a Alberto Neves Domínguez (Vigo), Manuel Vilas García, Arturo Sanchez Cidras (Bueu), Camilo Camaño Xestido (Coiro) y Eugenio Eiroa Hermo (Cangas), ya que sin su colaboración el libro no habría sido escrito.



• **SITUACIÓN**

Bueu, concello da provincia de Pontevedra situado na marxe norte da península do Morrazo, ten unha superficie de 31 quilómetros cadrados e unha poboación de 13.004 bueuenses¹ (outubro de 1996).

Bueu, dista 19 quilómetros da capital provincial. Sitúase entre os 42° 17' e 42° 21' latitude Norte, e os 8° 51' e 8° 47' de lonxitude Oeste.

• **LINDES**

Linda ó NE. con Marín, ó E. e S.E. con Moaña, ó S. e O. con Cangas, ó O. coa ría de Aldán e ó Atlántico e ó N. coa ría de Pontevedra.

1.- "Diccionario de gentilicios y topónimos" de Daniel Santano e León. Edit. Paraninfo, 1981.

BUEU

<- F. 1.- FERIA DE GANADO EN LA ANTIGUA PLAZA DEL MERCADO DE BUEU. DESTACANDO EL HÓRREO QUE APARECE EN EL LADO SUPERIOR DERECHO, QUE HOY EN DÍA ESTA EN EL PAZO DE SANTA CRUZ.

• **SITUACIÓN**

Bueu, municipio de la provincia de Pontevedra situado en el margen norte de la península del Morrazo, tiene una superficie de 31 kilómetros cuadrados y una población de 13.004 bueuenses¹ (octubre de 1996).

La capital municipal, Bueu, dista 19 kilómetros de la capital provincial. Se sitúa entre los 42° 17' y 42° 21' de latitud Norte, y los 8° 51' y 8° 47' de longitud Oeste.

• **LÍMITES**

Limita al NE. con Marín, al E. y S.E. con Moaña, al S. y O. con Cangas, al O. la ría de Aldán y el Atlántico y al N. la ría de Pontevedra.

1.- "Diccionario de gentilicios y topónimos" de Daniel Santano y León. Edit. Paraninfo, 1981.

• COMUNICACIÓN

As principais vías de comunicación son as estradas C-550, Pontevedra-Cangas, pola costa, e a PO-320, Bueu-Cangas, polo interior.

Outras estradas locais que partindo da C-550, unen esta localidade, a través da parroquia de Cela, con Moaña (Broullón).

• PARROQUIAS

Bueu conta con tres parroquias: A parroquia de San Martiño de Bueu, coa igrexa de San Martiño e as capelas de San Xosé, Sta Ifigenia e Santos Reixes; a parroquia de Cela coa igrexa de Santa María do século XII e a capela da Casa do Pracer; a parroquia de Beluso coa súa igrexa de Sta. María e a súa ermida de San Mamede. Tamén hai dúas anteigrexas, a de Santiago de Ermelo (onde houbo un antigo priorado), dependente da parroquia de Cela, e a de San Xoaquín, na illa de Ons, dependente de Beluso.

Comprenden 52 entidades de poboación segundo o Nomenclator oficial de 1.991.

• RELEVO

De relevo accidentado que se suaviza en vales a medida que se descende cara a costa. As cotas máis elevadas no interior son: ó Sureste, o monte Paralaia (432 m); A Esculca (411 m); e Ermelo (406 m); ó Leste o monte Grilo (408 m), en Chans de Bolas, camiño que vai a Moaña.

Na Costa Grande, o alto de Telleira (371 m) e o Coto do Reboiro en Chans de Cela (361 m); ó Suroeste o alto de Borrallido (245 m), e máis ó centro o alto de Castiñeiras (210 m.)

O monte Roxo, entre a capela de San Mamede e O Valado, de 208 m., ó Noroeste o Cabo de Udra (91 m) e o faro da Illa de Ons (128 m). Estes dous últimos aparecen sinalados como vértices xeodésicos no Mapa Topográfico Nacional.

• COMUNICACIÓN

Las principales vías de comunicación son las carreteras C-550, Pontevedra-Cangas, por la costa, y la PO-320, Bueu-Cangas, por el interior.

Otras carreteras locales que partiendo de la C-550, unen esta localidade, a través la parroquia de Cela, con Moaña (Broullón).

• PARROQUIAS

Bueu cuenta con tres parroquias: La parroquia de San Martín Bueu, con la iglesia de San Martiño y las capillas de San José, Sta Ifigenia y Stos Reyes; la parroquia de Cela con la iglesia de Santa María del siglo XII y la capilla de la Casa del Placer; la parroquia de Beluso con su iglesia de Sta. María y su ermita de San Mamed. También hay dos anteiglesias, la de Santiago de Ermelo (donde hubo un antiguo cenobio), dependiente de la parroquia de Cela, y la de San Joaquín, en la isla de Ons, dependiente de Beluso.

Comprenden 52 entidades de población según el Nomenclator oficial de 1.991.

• RELIEVE

De relieve accidentado que se suaviza en valles a medida que se descende hacia la costa. Las cotas más elevadas en el interior son: al Sureste, el monte Paralaia (432 m); La Esculca (411 m); y Ermelo (406 m); al Este el monte Grilo (408 m), en Chans de Botas, camino que va Moaña.

En la Costa Grande, el alto de Telleira (371 m) y el Coto do Reboiro en Chans de Cela (361 m); al Suroeste el alto de Borrallido (245 m), y más al centro el alto de Castiñeiras (210 m.)

El monte Roxo, entre la capilla de San Mamed y el Valado, de 208 m. Al Noroeste el Cabo de Udra (91 m) y el faro de la Isla de Ons (128 m).

Estos dos últimos aparecen señalados como vértices geodésicos en el Mapa Topográfico Nacional.

· OS RÍOS

Bañan o termo municipal moitos regueiros. Os principais son: o río da Pena que desde as abas de Telleira baixa a desembocar na praia de Agrelo, de igual xeito o río do Barranco do Inferno que recolle augas desde Fontefría; o río de Frade que desde Ermelo baixa ata atoparse co Canudo e formar o principal río de Bueu, o Bispo, que desemboca oculto na praia próxima ó peirao. Todos eles desembocan na Ría de Pontevedra. Só o río Nosedo, desde Castiñeiras, faino na praia de Reventón, sita na ría de Aldán.

· OS PAZOS

O máis coñecido é o de Santa Cruz ou de Pimentel (tamén de Quitapesares), fundado por Fernando da Rúa e Freire, abade de San Martín de Bueu, no segundo tercio do século XVII, no lugar de A Carrasqueira (subir por A Ramorta de Arriba). Outro, o "Pazo dos Aldao" ou "Casa dos Picos", ou simplemente "O Casal" (1409), está parcialmente oculto pola estrada PO-320, á altura da Graña.

Outro, o de "Ouril", en Beluso e o "Pazo de Castrelo", máis modernamente, "da Cueva" no Valado². O reloxo de sol ten data de 1752 e provén da Coruña.

Citase tamén como pazo a "Casa do Torrón ou do Pracer", en Cela onde se conserva unha imaxe da virxe do Portal (celebrase romaría anual).

· O MUSEO

Bueu é coñecido polo seu famoso Museo Mariñeiro pertencente á familia Massó. A Xunta de Galicia adquiriuno no ano 1994. Está previsto que despois dunha remodelación forme parte da rede de museos de Galicia e proxéctase facer del un grande Museo do Mar.

2.- Hoxe reformado e ampliado.

· LOS RÍOS

Bañan el termino municipal muchos riachuelos. Los principales son: el río de Pena que desde las laderas de Telleira baja a desembocar en la playa de Agrelo, al igual que el Barranco do Inferno que recoge aguas desde Fontefría; el río de Frade que desde Ermelo baja hasta encontrarse con el Canudo y formar el principal de los ríos de Bueu, el Bispo que desemboca oculto en la playa próxima al puerto. Todos estos desembocan en la Ría de Pontevedra. Sólo el río Nosedo, desde Castiñeiras, desemboca en la playa de Reventón, sita en la ría de Aldán.

· LOS PAZOS

El más conocido es el de Santa Cruz o de Pimentel (también de Quitapesares), fundado por Fernando de la Rúa y Freire, párroco de San Martín de Bueu, en el segundo tercio del siglo XVII, en lugar de A Carrasqueira (subir por A Ramorta de Arriba). Otro, el "Pazo de los Aldao" o "Casa de los Picos", o simplemente "El Casal" (1409), está parcialmente oculto por la carretera PO-320, a la altura de la Graña.

El tercero, "de Ouril", en Beluso y el cuarto fue el "Pazo de Castrelo", más modernamente, "de la Cueva" en el Valado². El reloj de sol tiene fecha de 1752 y proviene de la Coruña.

Citan tambien como pazo la "Casa del Torrón o del Placer", en Cela, donde se conserva una imagen de la Virgen del portal (se celebra una romería anual).

· EL MUSEO

Bueu es conocido por su famoso Museo Marino perteneciente a la familia Massó. La Xunta de Galicia lo adquirió en el año 1994. Después de una remodelación formará parte de la red de museos de Galicia y se proyecta hacer de él un gran Museo del Mar.

2.- Hoy reformado y ampliado.

O Millo


O millo³ (*Zea mays*, L.) do haitiano "mahis", sementado por primeira vez en Europa nas terras de Nogueira de Bezón e Mondoñedo, foi introducido, segundo J. Bouza Brey⁴ polo almirante Gonzalo de Castro. Segundo NEL⁵, foi o gobernador de Florida, Gonzalo Méndez de Cancio, o que introduciu en Asturias no 1604 aínda que o Dr. Pío Font⁶ asegura que o millo foi introducido en España no 1520. O millo cultivábase ocasionalmente no Barbanza, no 1610 e no Morrazo, no 1618⁷.

Desde entón os hórreos tiñan que ser ampliados coa fin de aumentar a capacidade de almacenamento das mazarocas do millo, despois de separalas das súas follas ou espatas, no mes de febreiro. O tamaño do hórreo esta en relación coa superficie cultivada.

No *Mayor Hacendado*, do Catastro de Ensenada de 1752, indicase a alternancia nos cultivos: primeiro sementábase o millo de mellor calidade, ó ano seguinte liño, e cando medraba esta gramínea sementábase millo de segunda man, que lle chamaban *serodio* ou tardío. Un serodio de millo valía en 1752, cinco reais e un de millo tres reais, neste último saíría polo prezo dunha galiña.⁸

"O millo no só superaba con claridade ó millo miúdo no volume das colleita senón... que fixo desaparecer o millo miúdo".⁹

EVOLUCION DO MILLO NA PENINSULA DO MORRAZO



Os datos para a elaboración da gráfica foron sacados da *Gran Enciclopedia Gallega*

T-21, p. 55.

El Maíz

El maíz³ (*Zea mays*, L.) del haitiano "mahis", sembrado por primera vez en Europa en las tierras de Nogueira de Bezón y Mondoñedo, fue introducido, según J. Bouza Brey⁴ por el almirante Gonzalo de Castro. Según NEL⁵, fue el gobernador de Florida, Gonzalo Méndez de Cancio, que lo introdujo en Asturias en 1604 aunque el Dr. Pío Font⁶ asegura que el maíz fue introducido en España fue en 1520. El maíz se cultivaba ocasionalmente en el Barbanza, en 1610 y en el Morrazo, en 1618⁷.

Desde entonces los hórreos tenían que ser ampliados a fin de aumentar la capacidad de almacenamiento de las mazorcas del maíz, después de separarlas de sus hojas o espatas, en el mes de febrero. El tamaño del hórreo está en relación con la superficie cultivada.

En el *Mayor Hacendado*, del Catastro Ensenada de 1752, se indica la alternancia en los cultivos; primero se sembraba el maíz de mejor calidad, al año siguiente lino, y crecida esta gramínea se sembraba maíz de segunda mano, que le llamaban *serodio* o tardío. Un serodio de maíz valía en 1752, cinco reales y uno de mijo tres reales este último equivaldría al precio de una gallina.⁸

"El maíz no sólo superaba con claridad al mijo en el volumen de las cosechas sino... que hizo desaparecer al mijo".⁹

3.- En la jerga de los canteros 'guitreiro'. En Feliciano Trigo Díaz, "O verbo dos Arguinas de Avedra" Pontevedra, 1993. pág. 383.

4.- Fermin Bouza Brey - *Noticias Históricas sobre la introducción del maíz en Galicia*, Madrid 1953, mencionado en la *Gran Enciclopedia Gallega*, nº 17, pág. 147.

5.- *Nueva Enciclopedia Larousse* T.VI, pág. 6011.

6.- Pío Font Quer, "Plantas medicinales: E'Dioscórides renovado", Ed. Labor SA. Barcelona, 1990, pág. 947.


7.- José Manuel Pérez García. *La agricultura gallega*. Faro de Vigo - Historia de Galicia, nº 30, p.569.

8.- *Reconocer Bueu* de D. José Mº Estévez Castro, Edit. Deputación Provincial, 1996, pág. 106.

9.- José Manuel Pérez García. *La agricultura gallega*. Faro de Vigo - Historia de Galicia, nº 30 p. 570.



*Dr. Río Font Quer, Plantas medicinales el Dioscórides renovado, Labor S.A.
Barcelona 1.990*



*Arriba F 2 .- Carrasqueira, 58 - Tipo "Pontevedra"
Abajo F 3.- Meiro, 133 - Penal - Tipo "Morrazo"*



H ó r r e o s

· HISTORIA DOS HÓRREOS

Os hórreos foron utilizados desde épocas prehistóricas como oleiros de centeo, de paniza ou de millo miúdo, e desde o século XVII, de millo gordo.

Da existencia de documentación escrita dánola o investigador pontevedrés, profesor Dr. Ignacio Martínez Rodríguez, especialista na historia dos hórreos cando nos presenta as citas de:

· Marco Terencio Varrón, polígrafo romano (116 a. C.- 27 a. C) tivo o mando de España no ano 49 a.C., e escribiu na súa obra De Re Rústica: "*constrúen nos seus campos uns celeiros suspendidos ('granaria sublimia') nos que o aire non só penetra polas ventás, senón tamén por debaixo do piso*".¹⁰

· Cayo Plinio segundo, célebre polígrafo latino (Como 23 d. JC - m. 79) que pasou á Hispania como procurator da Citerior, cargo que lle conseguiu o seu amigo o emperador Vespasiano, di tamén "...*constrúen os seus celeiros de madeira suspendidos sobre columnas, preferindo que o aire sople por tódolos lados e aínda por debaixo...*"

Un documento da igrexa de Valpuesta (Burgos), do ano 940, e documentos de merca dos séculos XII e XIII, do mosteiro de Sobrado dos Monxes, mencionan tamén os hórreos. A representación máis antiga do hórreo aparece nas Cantigas de Santa María, escritas en lingua galega, e nas que o monarca Alfonso X "O Sabio" (1221-1284) manifesta a súa personalidade poética. Os celeiros de trigo representados carecen de aberturas de ventilación.

O nome "hórreo" vén probablemente de "granarium horreum" ou "granarium erectus" nome empregado polos romanos Vitrubio¹¹ e Columela¹². Outras partes dos hórreos, como *trabello*, *pegollas* e *muelas*, son tamén de orixe latino.

10.- *Gran Enciclopedia Gallega* nº 17, pág. 149.

11.- Marco Vitrubio Polión, arquitecto e enxeñeiro romano do primeiro século da Era Cristia, autor de "*De Architectura*", obra en dez libros.

12.- Lucio Junio Moderato Columela, nado en Cádiz no ano 3 ó 5 antes de JC, deixounos "*De Re Rústica*" en 12 libros (Venecia, 1472).

H ó r r e o s

· HISTORIA DE LOS HÓRREOS

Los hórreos fueron utilizados desde épocas prehistóricas como graneros de centeno, de paniza o de mijo, y desde el siglo XVII, de maíz.

De la existencia de documentación escrita nos la da el investigador pontevedrés, el profesor Dr. Ignacio Martínez Rodríguez, especialista en la historia de los hórreos cuando nos presenta las citas de:

· Marco Terencio Varrón, polígrafo romano (116 a. C.- 27 a. C) tuvo el mando de España en el año 49 a.C., y escribió en su obra De Re Rústica: "*construyen en sus campos unos graneros suspendidos ('granaria sublimia') en los que el aire no sólo penetra por las ventanas, sino también por debajo del piso*"¹⁰

· Cayo Plinio segundo, célebre polígrafo latino (Como 23 d. JC - m. 79) que pasó a Hispania como procurator de la Citerior, cargo que le consiguió su amigo el emperador Vespasiano, dice también "...*construyen sus graneros de madera suspendidos sobre columnas, prefiriendo que el aire sople por todos los lados y aún por debajo...*"

Un documento de la iglesia de Valpuesta (Burgos), del año 940, y documentos de compra de los siglos XII y XIII, del monasterio del Sobrado dos Monxes, mencionan también hórreos. La representación más antigua del hórreo aparece en las Cantigas de Santa María, escritas en lengua gallega, y en las que el monarca Alfonso X (1221-1284) manifiesta su personalidad poética. Los graneros de trigo representados carecen de aberturas de ventilación.

El nombre "hórreo" viene probablemente de "granarium horreum" o "granarium erectus" nombre empleado por los romanos Vitrubio¹¹ y Columela¹². Otras partes de los hórreos, como *trabello*, *pegollas* y *muelas*, son también de origen latino.

10.- *Gran Enciclopedia Gallega* nº 17, pág. 149.

11.- Marco Vitrubio Polión, arquitecto e ingeniero romano del primer siglo de la Era Cristiana, autor de "*De Architectura*", obra en diez libros.

12.- Lucio Junio Moderato Columela, nacido en Cadiz en el año 3 ó 5 antes de JC, nos ha dejado "*De Re Rustica*" en 12 libros (Venecia, 1472).



<- F. 4. Hórreo en forma de cesta en el camino de Santiago

· TIPOS DE HÓRREOS

Na época neolítica, os galegos empregaban celeiros de planta redonda ou alongada, construídos con varas entretexidas. Chamábanse os de planta redonda "cabazos", os outros "cabaceiras"¹³ Pódese mirar entre Ligonde e Leborero (Lugo) un cabazo reconstruído pola Xunta de Galicia, ó borde do Camiño de Santiago, á atención dos peregrinos e turistas. (Ver foto 4)

En Asturias, e algo menos na provincia de Lugo, podémonos atopar hórreos con base cuadrangular e con cuberta a catro augas. Estas construcións típicas chámanse "paneros" ou "piornos" (de pan).

Os hórreos máis comúns e os máis numerosos, de planta rectangular chámanse segundo as comarcas "canastros, celeiros, cabanas, canizos, sequeiros, caroceiros, oleiros, palleiras, espigueiros" e ás veces "hórneo ou horno".

Os canteiros falan de *taburdeiro, taburreiro, xanastrel o xanastrel*¹⁴.

En Bueu chámanlles "hórreo", "horno" ou, "hórneo".

13.- No do latín "cabas" como se pode ler na *Gran Enciclopedia Gallega* de 1974, pág. 149, senón quizais do advèrvo latino "capaciter" que significa "que se abre longamente".

14.- Trigo Díaz, op. cit, páxina 376.

· TIPOS DE HÓRREOS

En la época neolítica, los gallegos empleaban graneros de planta redonda o alargada, construidos con ramas entretexidas. Se denominan los de planta redonda "cabazos", los otros "cabaceiras"¹³. Se puede ver entre Ligonde y Leborero (Lugo) un cabazo reconstruido por la Xunta de Galicia, al borde del Camino de Santiago, a la atención de los peregrinos y turistas (ver foto 4).

En Asturias, y menos en Lugo, podemos encontrar hórreos con base cuadrangular y con cubierta a cuatro aguas. Estas construcciones típicas se llaman "paneros" o "piornos" (de pan).

Los hórreos más comunes y los más numerosos, de planta rectangular se llaman según las comarcas "canastros, graneros, cabanas, canizos, sequeiros, caroceiros, oleiros, palleiras, espigueiros" y a veces "hórneo o horno".

Los canteros hablan de *taburdeiro, taburreiro, xanastrel o xanastrel*¹⁴.

En Bueu les llaman "hórreo", "horno" y, a veces, "hórneo".

· GENERALIDADES

Por lo general los hórreos están puestos junto a la era, en un lugar alto y abierto, orientados N-S a fin de presentar las caras largas, los costales al Oeste y al Este. En el Morrazo, a finales del siglo XVII los canteros hacían la estructura de los hórreos en granito. Para el piso y las caras se empleaba, a veces, la madera; lo que llamamos *hórreos mixtos* (Ver foto 5).

El hórreo es algo más que un granero tal y como dice Castelao "El hórreo es una *hucha sagrada que guardaba el pan todo el año... Por eso tiene la hechura de relicario*".¹⁵

Aunque cada hórreo es único podemos destacar algunas curiosidades de los hórreos en Bueu.

13.- No del latín "cabas" como podemos leer en la *Gran Enciclopedia Gallega* de 1974, pág. 149, sino quizás del advèrvo latino "capaciter" que significa "que se abre alargandose".

14.- Trigo Díaz, op. cit, páxina 376.

15.- Castelao, en *As cruces de pedra en Galicia*, Buenos Aires, 1949. Citado en la *Gran Enciclopedia Gallega*, n' 17, pág, 155.

• XERALIDADES

Polo xeral os hórreos están postos na eira, nun lugar alto e aberto, orientados N-S a fin de presentar as caras longas, os costais ó Oeste e ó Leste. No Morrazo, a finais do século XVII os canteiros facían a estrutura dos hórreos en granito. Para o chan e as caras empregábanse (ver foto 5), ás veces, a madeira; o que chamamos *hórreos mixtos*.

O hórreo é algo máis ca un celeiro, tal e como di Castelao "O hórreo é un peto sagrado que gardaba o pan todo o ano... Por iso ten a feitura de relicario"¹⁵.

Aínda que cada hórreo é único, podemos destacar algunhas curiosidades dos mes- mos en Bueu.

O hórreo con data máis antiga, 1775, está situado no lugar de O Beloso pero carece de reloxo.

Os máis antigos con reloxos de sol, dos que teñen o ano de construción, levan a data de 1781 no zócalo do reloxo, (Pousada, 5); ten o *tornarratos*, diante da porta, de forma cadrada; outro (Cividade, 27) é do ano 1795.

O hórreo da Carrasqueira (58) (ver foto 3) ten os seis *tornarratos* cadrados; a casa que hai alí foi construída no 1787, o que fai pensar que, ó principio, os *tornarratos* no foron redondos.

O hórreo máis longo, con reloxo de sol mide 8,34 m. (Cabreira, 1) e o máis pequeno 2,80 m de longo (Torre,55) .

Os hórreos pola súa anchura, hainos que miden desde 145 cm. (Torre, 55) ata 210 cm. (Cividade,27).

Para facer un hórreo de seis pés e de tipo Morrazo (ver foto 2 y 6), seis canteiros tardarían tres meses¹⁶.

15.- Castelao, en *As cruces de pedra en Galicia*, Buenos Aires, 1949. Citado na *Gran Enciclopedia Gallega*, n' 17, páx, 155.

16.- Comentado por D. Cesáreo Sanmartín.

El hórreo con data más antigua, 1775, está situado en el lugar de O Beloso pero carece de reloj.

Los más antiguos con reloj de sol, de los que tiene el año de construcción, lleva 1781 en el zócalo del reloj de sol, (Pousada, 5); tiene el *tornarratos*, delante de la puerta, de forma cuadrada; otro (Cividade, 27) es del año 1795.

El hórreo de Carrasqueira (58) (ver foto 3) tiene los seis *tornarratos* cuadrados; la casa allí fue construída en 1787, lo que me hace pensar que, al principio, los *tornarratos* no fueron redondos.

El hórreo más largo, con reloj de sol mide 8,34 m. (Cabreira, 1) y el más pequeño 2,80 m de largo (Torre,55) .

De ancho, los hórreos, los hay que miden desde 145 cm. (Torre, 55) hasta 210 cm. (Cividade,27).

Para hacer un hórreo de seis pies y de tipo Morrazo (ver foto 2 y 6), seis canteros tardarían tres meses¹⁶.



<- F. 5. Torre 47-A

16.- Comentado por D. Cesáreo Sanmartín.

ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS DUN HÓRREO

· OS PÉS

Os pés miden de alto entre 80 e 120 cm. Así a cámara do hórreo está entre 100 cm. e 140 cm do chan.

Coa fin de permitir ás correntes de aire atravesar o hórreo, mesmo por debaixo, este está posto sobre columnas, os pés ou postes, sempre en número par, reciben o nome de esteos cando son de pedra.

En Bueu podemos destacar, en canto ó número de pés, dous de dez pés e un en Beluso (Sar 35) de doce pés¹⁷.

En Bueu, tódolos postes dos exemplares son de granito, de base cadrada, moitas veces coas arestas en chafrán (octaedros).



A maioría teñen o pé (zócolo) ancheado debaixo do hórreo a fin de aumentar a súa estabilidade.

Como exemplos máis destacados de hórreos galegos podemos mencionar:

· O hórreo de Carnota (La Coruña), fronte ó cabo de Fisterra, construído en dúas etapas (1768 e 1783), ten unha lonxitude de 34,76 m. e está sostido por 22 pares de columnas, como o de San Martín de Ozón, en Muxía (La Coruña) ou o de Lira.

· O hórreo do mosteiro de Poio (Pontevedra), menos longo pero máis ancho, descansa sobre dezaseis series triples de pés¹⁸.

· O hórreo da rectoral de Vilaboa, descansa tamén sobre tres filas de doce pés.



Arriba F 6.- Montemogos, 107 - Penal - Tipo "Noia"
Abajo F 7.- Gandara, 69 - Tipo "Morrazo"



17.- Estes non teñen reloxo de sol.

18.- *Historia de Galicia*, suplemento *Faro de Vigo*, nº 30, páxina 557.



Arriba F 8.- Castiñans, 53 A (Cela) Reloj con Estilo
Abajo F 9.- Sar, 64



ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS DE UN HÓRREO

• LOS PIES

Los pies miden de alto entre 80 y 120 cm. Así la cámara del hórreo está entre 100 cm. y 140 cm del suelo.

A fin de permitir a las corrientes de aire atravesar el hórreo, mismo por debajo, este está puesto sobre columnas, los pies o postes, siempre en número par, reciben el nombre de esteos cuando son de piedra.

En Bueu podemos significar, en cuanto a número de pies, dos de diez pies y uno en Beluso (Sar 35) de doce pies¹⁷.

En Bueu, todos los postes de los ejemplares son de granito, de base cuadrada, muchas veces con las aristas en chaflán (octaedros).

La mayoría tienen el pie (o el zócalo) ensanchado debajo del hórreo a fin de aumentar su estabilidad.

Como ejemplos más destacados de los hórreos gallegos podemos observar:

El hórreo de Carnota (La Coruña), frente al cabo de Finisterre, construido en dos etapas (1768 y 1783), tiene un longitud de 34,76 m. y está sostenido por 22 pares de columnas, como el de San Martín de Ozón, en Muxía (La Coruña) o el de Lira.

El hórreo del monasterio de Poio (Pontevedra), menos largo pero más ancho, descansa sobre dieciséis series triples de pies¹⁸.

El hórreo de la rectoral de Vilaboa, descansa también sobre tres filas de doce pies.

• LOS TORNARRATOS

Para impedir el acceso a animales depredadores (roedores...), cada poste o soporte lleva una arandela de piedra circular de 0,75m. hasta 1 m. de diámetro,

17.- Estos no tienen reloj de sol.

18.- *Historia de Galicia*, suplemento *Faro de Vigo*, nº 30, página 557.

• OS TORNARRATOS

Para impedir o acceso a animais depredadores (roedores...), cada poste ou soporte leva unha arandela de pedra circular de 0,75m. ata 1 m. de diámetro, e de 15 a 22 cm. de espesor. Segundo as comarcas chámanse *tornarratos*, *rateiros*, *capas*, *capelas*, *tapas*, *moas*, *lousas*, *mesas*, *postas*, *textos*...

Algunhas parecen rodas, outras teñen a base plana e a parte superior que sobresae, convexa.

Un só exemplar (en Bon de Arriba) conta con 10 pés e os tornarratos descansan sobre cada par de pés. É da variedade 'orensana'¹⁹.

• AS VIGAS

Sobre os tornarratos, os canteiros poñen vigas de 30 ata 50 cm. de grosor, como base da cámara ou piso.

Como o peso específico do granito é de 2.700 kg./metro cúbico, algunhas vigas pesan máis de 500 kg. A viga da entrada chámase *umbral*.

As columnas nas esquinas da cámara chámanse *cantoneiras*²⁰.

• AS CARAS (COSTAIS)

En Bueu os hórreos de madeira practicamente desapareceron. O hórreo mixto (de madeira e de pedra) de tipo "Pontevedra" e de piso rectangular, estreito e longo, ten o armazón da cámara en pedra.


Os hórreos coa cámara de pedra, de tipo "Morrazo", rectangulares e estreitos pero con balaustres prismáticos e fendeduras verticais, reforzados por unha cinta horizontal e nos costais con pedras caladas, son os máis fermosos do Morrazo. Con estes, o traballo dos canteiros alcanza a súa máxima perfección e merecían o nome de *labrante*²¹ (Ver Foto 10).

19.- "El hórreo gallego" de Ignacio Martínez Rodríguez. Estudio Geográfico, Montevideo (Uruguay), 1975, pág. 224.

20.- Entrevista co canteiro Segundo Mandado, de Meiro.

21.- Trigo Díaz, F, op. cit, pág. 352.

y de 15 a 22 cm. de espesor. Según las comarcas sellaman *tornarratos*, *rateiros*, *capas*, *capelas*, *tapas*, *moas*, *lousas*, *mesas*, *postas*, *textos*...



Algunhas parecen rodas, outras tienen la base plana y la parte superior, que sobresale, convexa. Un sólo exemplar (en Bon de Arriba) cuenta con 10 pies y los tornarratos descansan sobre cada par de pies. Es de la variedad 'orensana'¹⁹.

• LAS VIGAS

Sobre los tornarratos, los canteros ponen vigas de 30 hasta 50 cm. de espesor, como base de la cámara o piso.

Como el peso específico del granito es de 2.700 kg./metro cúbico, algunas vigas pesan más de 500 kg. La viga de la entrada se llama *umbral*.

Las columnas en las esquinas de la cámara se llaman *cantoneiras*²⁰.

• LAS CARAS (COSTALES)

En Bueu los hórreos de madera prácticamente han desaparecido. El hórreo mixto (de madera y de piedra) de tipo "Pontevedra" cuyo piso es rectangular, estrecho y largo, tiene el armazón de la cámara en piedra.

Los hórreos con la cámara de piedra, de tipo "Morrazo", rectangulares y estrechos pero con balaustres prismáticos y hendiduras verticales, reforzados por una cinta horizontal y en la anchura con pedras caladas, son los mas hermosos del Morrazo. Con estos, el trabajo de los canteros alcanza su máxima perfección y merecían el nombre de *labrante*²¹ (ver foto 10).

19.- "El hórreo gallego" de Ignacio Martínez Rodríguez. Estudio Geográfico, Montevideo (Uruguay), 1975, pág. 224.

20.- Entrevista con el cantero Segundo Mandado, de Meiro.

21.- Trigo Díaz, F, op. cit, pág. 352.

As aberturas de ventilación dos balaústres prismáticos forman ángulos diedros e parecen "celosías", a fin de permitir unha aireación eficiente para gardar e secar as espigas de millo e, ó mesmo tempo, impedir o acceso ás aves.

A parte inferior entre os balaústres está en chafrán para impedir a penetración da auga e mellorar a caída das pingueiras.

Estes tipos aparecen no Morrazo a partir do século XVIII.

Os hórreos con fendeduras horizontais de tipo *Noia*, (ver foto 7 y 11) como o de Carnota e de Lira, atópanse soamente en Beluso e Bon, aínda que máis sinxelos, teñen o seu encanto. As caras anchas (penales) (ver foto 2 y 7) están, polo xeral, feitas dunha peza de granito con fendeduras e coroadas por un tímpano, un lintel triangular cunha ou varias *caladas* horizontais.

• OS FRONTÓNS

Ben a porta dos hórreos, se está colocada na costas, hai unha pedra triangular, o *tímpano*, que soporta as *sobrepenas*. Algúns tímpanos teñen un ornamento: unha fendedura horizontal labrada como os balaústres, un oco, (ver foto 9) unha data ou iniciais.

• AS PORTAS

Xeralmente as portas son de madeira e están orientadas cara a vivenda. Cando a porta principal está ubicada no centro do lateral, o hórreo ten un *frontón* máis²², e con estas tres puntas parécese máis a unha capela (ver foto 12). Algúns hórreos teñen unha porta frontal e outra lateral.

Como a cámara se atopa a un metro do chan, utilízase unha escala de man, que os propietarios enganchan ou colocan debaixo da cámara.

O oco, baixo o hórreo, ás veces emprégase como abrigo (ver foto 13) para o can, as galiñas ou para gardar trebellos da labranza, ou poñer roupa a secar, gardar leña,...

22.- O canteiro Segundo Mandado di que se lle coñece tamén como "pincho" ou "cantacúco".



Arriba F 10.- Antepazo, 14
Abajo F 11.- Vilar, 43 - Tipo "Noia"





Arriba F 12.- Rio, 3
Abajo F 13.- Antepazo, 15 - "Abrigo perro"



Las aberturas de ventilación de los balaústres prismáticos forman ángulos diedros y parecen "celosías", a fin de permitir una aireación eficiente para guardar y secar las espigas de maíz y, al mismo tiempo, impedir el acceso a las aves.

La parte inferior entre los balaústres está en chaflán para impedir la penetración del agua y mejorar la caída de las gotas.

Estos tipos aparecen en el Morrazo a partir del siglo XVIII.

Los hórreos con hendiduras horizontales de tipo Noya (ver foto 7 y 11), como el de Carnota y de Liria, se encuentran solamente en Beluso y Bon, aunque más sencillos tienen su encanto.

Las caras anchas (penales) (ver foto 2 y 7) están, por lo general, hechas de una pieza de granito con hendiduras y coronadas por un tímpano, un dintel triangular con una o varias *caladas* horizontales.

• LOS FRONTONES

Sobre la puerta, si esta colocada en la anchura hay una piedra triangular, el *tímpano*, que soporta los *sobrepenas*. Algunos tímpanos tienen un adorno: una hendidura horizontal labrada como los balaústres, (ver foto 9) un hueco, una fecha o iniciales.

• LAS PUERTAS

Generalmente las puertas son de madera y están orientadas hacia la vivienda. Cuando la puerta principal está ubicada en el centro del lateral, el hórreo tiene un *fronton*²² mas, y con estas tres puntas se parece más a una capilla (ver foto 12). Algunos hórreos tienen una puerta frontal y otra lateral.

Como la cámara se halla a un metro del suelo, se utiliza una escalera portátil, que los propietarios enganchan o colocan debajo de la cámara.

En el hueco bajo el hórreo suele utilizarse como abrigo (ver foto 13) para el perro, las gallinas o para guardar aperos de labranza.

22.- El cantero Segundo Mandado dice que se le conoce también como "pincho" o "cantacúco".

· OS TELLADOS

Na provincia de Pontevedra tódolos hórreos son de base rectangular e levan tellados a dúas augas. Os tellados de tellas vermellas descansan sobre ripias de base triangular pousados sobre tixeiras e pontóns

O cumio descansa tamén sobre tesoiras²³ e está enganchado no oco dos linteis. A pedra que forma a cornixa sostén as primeiras tellas que sobresaen das paredes (sopena). Os beirados teñen moita importancia e unha cuberta en bo estado significa longa vida para o hórreo. O perfil destes beirados defiren dun hórreo a outro.

Moitas veces, no vértice das sobrepenas, os hórreos levan nun extremo unha cruz, que en si mesmo é unha obra de arte. Tódalas cruces son distintas. Na outra extrema hai, un pináculo prismático ou cilíndrico. O pináculo, símbolo de fertilidade para uns, símbolo fálico para outros e que, sen entrar nesta polémica, considérase que non é máis que un elemento que reforza a seguridade da cuberta para impedir infiltracións na xunta das sobrepenas. Ó longo do tempo sufriu transformacións estéticas tales coma un galo esculpido; cando o hórreo pertencía a un cura presbítero, e o pináculo rematábase nunha especie de coroa de rei que a xente o chama de "gorro do cura" (ver foto 15).

· OS RELOXOS DE SOL ·

O reloxo de sol ou *confros de usca*²⁴ podémolo atopar no vértice do tellado dos hórreos e está formado por unha pedra colocada verticalmente e orientada ó sur.

Leva gravados unhas líñas que de forma radial van desde o estilo (ver foto 14) (varilla) ou desde o triángulo de metal engarzado na pedra ata os bordes. Debido á acción dos axentes externos (ventos, chuva,...) algunhas destas líñas atópanse erosionadas. A sombra que o *gnomón*²⁵ (ver foto 8 y 17)(estilo ou triángulo) bota sobre a pedra indica a hora. Ó mediodía, cando o sol está no máis alto, a sombra

23.- Armazón de madeira en forma de media aspa que suxeita o tellado.

24.- Trigo Díaz, F, op. cit, páx. 401.

25.- Según Vitrubio é un cartabón ou cousa levantada a cumbada... que fai sombra.



Arriba F 14.- Bon de Abajo - Reloj con Estilo
Abajo F 15.- "Gorro de Cura"





Arriba F 16.- Iglesiasio, 7 (Parroco) - Cubierto de Liqueenes
Abajo F 17.- Norte, 39 - "Gnomon"



• LOS TEJADOS

En la provincia de Pontevedra todos los hórreos son de base rectangular y llevan tejados a dos aguas. Los tejados de tejas rojas descansan sobre ripas de base triangular apoyados sobre tijeras y pontones

La cumbre descansa también sobre tijeras²³ y está enganchado en el hueco de los dinteles. La piedra que forma la cornisa sostiene las primeras tejas que sobresalen de las paredes. Los aleros tienen mucha importancia y una cubierta en buen estado significa larga vida para el hórreo. El perfil de estos aleros difieren de un hórreo a otro.

Muchas veces, en el vértice de las sobrepenas, los hórreos llevan en un extremo una cruz, que en sí mismo es una obra de arte. Las cruces son todas distintas. En el otro extremo hay, un pináculo prismático o cilíndrico. El pináculo, símbolo de fertilidad para unos, símbolo fálico para otros y que, sin entrar en esta polémica, considero que no es más que un elemento que refuerza la seguridad de la cubierta para impedir infiltraciones en la junta de las sobrepenas. A lo largo del tiempo sufrió transformaciones estéticas tal como un gallo esculpido. Cuando el hórreo pertenecía a un cura presbítero, el pináculo se termina por una especie de corona de rey llamado "gorro de cura"(ver foto 15).

• LOS RELOJES DE SOL •

El reloj de sol o *confros de usca*²⁴ lo podemos encontrar en el vértice del tejado de los hórreos y está formado por una piedra colocada verticalmente y orientada al sur.

Lleva gravados unas líneas que de forma radial van desde el estilo (ver foto 14)(varilla) o desde el triángulo de metal engarzado en la piedra hasta los bordes. Debido a la acción los agentes externos (vientos, lluvia,...) algunas de estas líneas se hallan erosionadas.. La sombra que el *gnomón*²⁵(ver foto 8 y 17) (estilo o triángulo), arroja sobre la piedra indica la hora. Al mediodía, cuando el sol se está

23.- Armazón de madera en forma de media aspa que sujeta el tejado.

24.- Trigo Díaz, F, op. cit, pág. 401.

25.- Según Vitrubio es un cartabón o cosa levantada a plomo... que hace sombra.

está localizada no medio da parte inferior. A sombra percorre ó revés do arco descrito polo sol, motivo polo que a numeración está en sentido inverso ás agullas dun reloxo convencional.

En Bueu tódolos cadrantes son de granito, non hai ningún de tipo antropomórfico.

A veciña de Bueu, Mucha Amieiro, díxome que seu pai, Xosé Freire Pousada ("Amieiro"), falecido en 1990, e o seu abo, leían sempre a hora sobre o reloxo de sol do horreo.

O problema cos reloxos de sol é que a hora lese soamente cando hai sol. A maioría dos reloxos solares de Bueu están atrasados.

"... os primeiros reloxos empregados polo home, chamados cadrantes ou pedras horarias, atribuídos ó babilonio Beroso (600 anos antes de C.), quen o levou a Grecia, onde foi perfeccionado por Tales de Mileto, Anaximando e Eudoxas ; no ano 260 de JC, o seu coñecemento chegou a Roma. O reloxo de sol foi coñecido en Exipto"²⁶. Marco Vitrubio Pilión, no seu noveno libro, de cronometría, consagrou a máis grande parte da construción de reloxos de sol.

Indo de Pontevedra cara a Santiago pódese mirar á esquerda da estrada N-550 tres estelas con reloxo de sol, distantes entre elas, aproximadamente, 5 km o que correspondería a unha hora de camiño; localizadas nos lugares de Cerponzóns, San Antoniño e Tibo. Unha cuarta pode observarse en Carracedo (Caldas de Reis).

O Museo Provincial de Lugo conta 41 reloxos solares, adquiridos por merca ou doazón. Esta colección, é a máis numerosa de Galicia, pero non todos son de granito e non alcanzan os 84 reloxos de Bueu, se incluímos o reloxo da Igrexa de St^a María de Cela, o situado na parede dunha vivenda e os localizados no lintel do portal dunha casa de Meiro e outra de O Burgo.

En Bueu, máis de setenta hórreos levan, ademais da cruz, un cadrante o reloxo de sol vertical ortomeridional²⁷, é dicir, orientados ó sur. ¿Por qué tantos en Bueu?. De momento non se ten unha explicación. De tódolos xeitos un hórreo do tipo Pontevedra e sobre todo do tipo Morrazo, significa que tiñan diñeiro.

26.- Enciclopedia Universal Ilustrada, 50, pág. 642.

27.- Os reloxos verticais meridianos son orientados ó Leste ou ó Oeste.

en lo alto, la sombra está localizada en medio de la parte inferior. La sombra recorre al revés del arco descrito por el sol por lo que la numeración está en sentido inverso a las agujas de un reloj convencional.

En Bueu todos los cuadrantes son de granito, no hay ninguno de tipo antropomórfico.

La vecina de Bueu, Mucha Amieiro me ha dicho que su padre, José Freire Pousada, ("Amieiro"), fallecido en 1990, y su abuelo; leían siempre la hora sobre el reloj de sol del horreo.

El problema con los relojes de sol es que la hora se lee solamente cuando hay sol. La mayoría de los relojes solares de Bueu están atrasados.

"... los primeros relojes empleados por el hombre, llamados cuadrantes o piedras horarias, atribuidos al babilonio Beroso (600 años antes de C.), quien lo llevó a Grecia, donde fue perfeccionado por Tales de Mileto, Anaximando y Eudoxas ; en el año 260 de JC, su conocimiento llegó a Roma. El reloj de sol fue conocido en Egipto"²⁶. Marco Vitrubio Pilión, en su noveno libro, de cronometría, ha consagrado la mayor parte a la construcción de relojes de sol.

Yendo de Pontevedra a Santiago podeis ver a la izquierda de la carretera N-550 tres estelas con reloj de sol, distantes entre ellas, aproximadamente, 5 km lo que corresponde a una hora de marcha; localizadas en los lugares de Cerponzóns, San Antoniño y Tibo. Una cuarta puede observarse en Carracedo (Caldas de Reis).

El Museo Provincial de Lugo cuenta 41 relojes solares, adquiridos por compra o donación. Esta colección, es la más numerosa de Galicia, pero no todos son de granito y no alcanzan los 84 relojes de Bueu, si incluímos el reloj de la Iglesia de Cela, el situado en la pared de una vivienda y los dos localizados en el dintel del portal de una casa de Meiro y otra de O Burgo.

En Bueu, más de setenta hórreos llevan, además de la cruz, un cuadrante o reloj de sol vertical ortomeridional²⁷, es decir, orientados al sur, ¿Por qué tantos en Bueu?. De momento no tengo una explicación. De todas las maneras un hórreo del tipo Pontevedra y sobre todo de tipo Morrazo, significa que tenían dinero.

26.- Enciclopedia Universal Ilustrada, 50, pág. 642.

27.- Los relojes verticales meridianos son orientados al Este o al Oeste.

Entre os 79 reloxo que mirei sobre hórreos, 14 deles levan un estilo e 36 un triángulo, carecendo os demais deles.

O reloxo do hórreo do Pazo de Sta. Cruz ten tres caras, a central (ortomeridiano) e as laterais (meridianos).

Había en Bueu un hórreo con un reloxo antropomórfico (con cara humana), pero a familia que ó heredou trasladouno a Moaña.

